

Actividade 1

Le a seguinte noticia e realiza as actividades propostas

Homenaje a medias para Nieves Fariza

Igualdade no pudo dedicar un jardín a la "Pasionaria Blanca" porque llevará el nombre de Tovar

L.R. - OURENSE - 16-03-2008

La Concejalía de Igualdade de Ourense rindió ayer un homenaje a la "Pasionaria Blanca", una defensora de los derechos de los trabajadores ferroviarios y sus viudas. Aunque su objetivo era poner su nombre a un jardín de la estación de San Francisco, por ahora no podrá ser porque hay otra propuesta para dedicar este lugar a Antón Tovar.



José Martínez, hijo de Nieves Fariza, pronuncia unas palabras en el homenaje a su madre.


Aunque la Concejalía de Igualdade del Concello de Ourense pretendía dedicar a Nieves Fariza Alonso -una mujer destacada de la vida ourensana que fue conocida popularmente como 'La Pasionaria Blanca' por su defensa de los derechos de los trabajadores del ferrocarril y de sus viudas- la zona ajardinada que está situada sobre el túnel de la estación de San Francisco, finalmente no pudo ser. Con todo, este acto, con el que se clausuró la semana de conmemoración del Día Internacional de la Mujer organizada por el Concello, estuvo cargado de emotividad.

Según explicó la edil Marta Arribas, cuando presentó en el Concello su propuesta "ya había otra para poner a esta plaza el nombre del poeta Antón Tovar. Y ahora hay que esperar a ver cuál sale adelante". Mientras tanto, su hijo José Emilio Martínez Fariza y su nieto plantaron en su memoria un peral ornamental en este parque.

Sin embargo, tal y como afirmó Francisco Boluda, miembro de la Asociación Foula, que participó en la organización del homenaje, éste es un sitio ideal y simbólico (su marido trabajó aquí) para rendir "homenaje y reconocimiento al trabajo realizado por una mujer que luchó por los derechos de los trabajadores del ferrocarril y sus mujeres, que hoy tienen una vida digna gracias a ella, porque antes no había derecho a percibir pensiones".

Pero esta contrariedad no deslució el homenaje, en el que estuvieron presentes sus descendientes: su único hijo, que aún vive, sus nietos y bisnietos; así como familiares de los trabajadores del ferrocarril, a los que ella defendió.

ASEMBLEA DE MULLERES DO STEG



"La Pasionaria"

-Infórmate sobre a vida de Nieves Fariza Alonso, mestra e laboralista coñecida como "A Pasionaria Branca". Con que outra muller a están a comparar con este alcume? Que rasgos da súa personalidade rebela este xeito de coñecela?

-Nesta noticia reflíctense dúas opcións para nomear un xardín en Ourense, un co nome dun varón e outro co dunha muller. Dade argumentos desde unha perspectiva do déficit de recoñecemento e visibilización das mulleres para que o nome escollido sexa o desta muller.

Actividade 2

Le os seguintes textos e realiza as actividades propostas.

*Ein erschütterliche geschichte / so zu Serneburg in der Graff.
(Haffi Kempten am Harz gelegen von tiefen Zauberin und zwapen
Haben / in diesen tagen des Monars Octobris im 1555. Jare regangen ist.)*



Maria Soliña.

Polos camiños de Cangas a voz do vento xemía:
ai, que soliña quedache, María Soliña.
As ondas do mar de Cangas acebos ecos traían:
ai, que soliña quedache, María Soliña.
As gaivotas sobre Cangas soños de medo tecían:
ai, que soliña quedache, María Soliña.
Baixo os tellados de Cangas anda un terror de agua
ai, que soliña quedache, María Soliña.



Esta poesía de Celso Emilio Ferreiro fala dunha "meiga" de Cangas, do século XVII, torturada pola Santa Inquisición.


-Busca información sobre o número de mulleres que durante séculos foron asasinadas en Europa pola Igrexa, acusadas de bruxería. Compara os argumentos dados nos dous textos seguintes e explica a causa de tal asañoamento coas mulleres



“Cando unha muller pensa por si mesma, só pensa en cousas malas. Como son máis febles de Corpo e alma, no é sorprendente que poidan sucumbir ao feitizo da bruxería. Toda bruxería procede da luxuria carnal, que nas mulleres é insaciable”

Do “Malleus Maleficaru”, manual do Inquisidor que se empregou durante 200 anos, auténtico best seller da época.

“ No momento no que a ciencia emerxía como unha nova forma de poder e de control da sociedade, os médicos tiñan un nivel de coñecementos que non chegaban a curar a ninguén, mentres que as mulleres, coa súa práctica empírica acumulada, tiñan póla súa banda certo poder. As institucións da Igrexa interviron neste debate entre o empirismo e a nova ciencia , entre a autoridade dos homes e a das mulleres, tal como fixeran noutros momentos históricos. Esta situación non se produciu porque as sandadoras foran unhas supersticiosas




A autoridade eclesiástica contribuíu a disfrazar este debate organizando a persecución contra as curandeiras. Este é o caso dalgunhas das mulleres acusadas de bruxería póla Real Inquisición española, froito da convivencia entre a Monarquía e a Igrexa. O obxectivo da Inquisición

expúxose como un combate contra a herexía e a infidelidade, que se apoiaban na maxia e nos poderes ocultos; nunca foi amosado como unha loita contra a práctica da medicina. Así, algunhas das acusacións contra as meigas foron as de ter unha sexualidade feminina, estaren organizadas e posuír poderes máxicos sobre a saúde”

De “Mujeres científicas de todos los tiempos”, de Nuria Solsona i Pairó

Actividade 3



María Barbeito...

Esta profesora, pedagoga e escritora foi unha das figuras femininas máis destacables na Galiza urbana do primeiro terzo do século XX.


Foi constante defensora da emancipación e da educación sen discriminación das mulleres. Así o promoveu nas escolas da Garda, como conferenciante en diversos foros,

entre eles o da Agrupación Republicana Feminina da Coruña en 1934, desde a súa pertenza ao Instituto de Estudios Gallegos, ou á hora de pronunciar en 1916 o discurso e inauguración do monumento a **Emilia Pardo Bazán**. Por unhas e outras razóns foi condecorada coas Ordes de Beneficencia e de Alfonso XII e coa Medalla de Ouro da Cruz Vermella

- A súa defensa do dereito á educación das mulleres está moi influenciada pól as figuras de outras dúas galegas do século XIX: **Concepción Arenal** e **Emilia Pardo Bazán**. Pescuda os avances que se fixeron na educación das mulleres no estado, especialmente durante a Segunda República. Compara os discursos destas mulleres cós que se imporían durante a ditadura franquista a través da Sección Feminina.

- Pescuda máis sobre outras pedagogas galegas como **Antía Cal**, **Concepción Saíz Otero**, **Ernestina Otero Sestelo**.. e reflexiona sobre as dificultades que atoparon para que o seu xeito de entender a educación fose aceptado nos tempos nos que viviron.

Actividade 4



Inmaculada Paz Andrade

Inmaculada Paz Andrade (Pontevedra, 1928) é toda unha referencia no mundo da ciencia en Galicia, pero a proxección da súa carreira vai moito máis alá. A catedrática, que segue en activo como emérita da Universidade de Santiago de

Compostela, introduciu a microcalorimetría en España, tras aprender as claves en Francia xunto ao pai desta técnica de múltiples aplicacións, o profesor Calvet. De regreso a Santiago, Ada -como a chaman os colegas- construíu coas súas mans os dous primeiros microcalorímetros da Península, cos planos e pezas que lle facilitara o seu mestre. Xa cunha sólida experiencia ás súas costas como unha recoñecida investigadora internacionalmente neste eido e no da termodinámica, que seguiu fraguando con constantes colaboracións en Manchester co profesor Skinner, iniciou unha nova investigación pensando en Galicia, que deu lugar ao primeiro sistema de predición do risco de incendios forestais.

(.....)

Pero o traballo do que se sente máis orgullosa estaba por facer. Cos 60 xa feitos, iniciaba unha nova liña que trataba de facer algo por atallar a lacra dos incendios forestais en Galicia. "Cando aconteceu a enorme vaga de incendios do 89, estaba en Manchester. Deixei o que estaba a facer e decidín formar un grupo que puidese facer algo para previlos. O curso 90-91 collino sabático. Fun para Manchester e dediqueino enteiro a formarme no tema".

A idea xurdiu nunha charla dominical cunha investigadora da Academia de Ciencias de Moscova. "Pouco despois do accidente de Chernobil, o seu equipo fixera un sistema experto para saber, segundo a dirección do vento e a velocidade, cara a onde ían as nubes radioactivas. Falando diso, de súpeto iluminóuseme a idea".

Paz Andrade imaxinou un sistema experto que puidese predicir o risco de incendios e cara a onde se espallaría un xa declarado cunha tecnoloxía similar e empezou a estudar a fondo toda a bibliografía sobre o tema. Había xa catro índices de perigo fundamentais, pero ningún se axeitaba ben a Galicia. Era preciso deseñar un propio.

Co apoio da súa colega Tarsy Carballas, do CSIC; xente da universidade galega e mesmo co asesoramento da Academia de Ciencias de Moscova artellou un equipo de máis de 40 persoas. Faltaba o apoio económico, que finalmente tamén chegou, sobre todo a través de fondos Feder.

INVESTIGADORAS (I), por Iolanda Casal



Doutora Tarsy Carballas

"A mentalidade masculina apenas cambiou desde que estudabamos separados"

O estudo de chans do noroeste da península débelle moito a Tarsy Carballas, un dos nomes destacados da ciencia galega

Os primeiros estudos dos chans do noroeste peninsular teñen que ver moito con Tarsy Carballas. Ela foi investigadora principal do equipo dedicado a este campo e é tamén a pioneira no estudo da materia orgánica dos chans da zona temperada húmida. Hoxe Carballas é unha das personalidades máis destacadas na ciencia galega. A primeira muller na Academia de Farmacia de Galiza segue en activo aos seus 72 anos, como profesora Ad Honorem do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) -centrada na predición do risco de incendios con ferramentas informáticas- e presidenta do Consello Asesor de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galiza. Tarsy Carballas (Taboada, Lugo) é un excelente exemplo do papel das mulleres na investigación, un terreo no que, como en tantas outras facetas, foi apartadas e esquecidas. As cousas cambiaron moito no último século, pero as investigadoras seguen sufrindo unha sociedade lonxe da igualdade, tanto no ámbito laboral como no familiar e o social.

Trabas na universidade

Ela tivo sorte, confesa mentres lembra os seus inicios. "No CSIC nunca me sentín discriminada, pero cando estiven na universidade si sentín, sen falar de total discriminación, que en moitos departamentos preferían homes. Presupúñaselles que estaban ben preparados; as mulleres tiñan que demostralo". Pero nos campus tamén coñece exemplos de vetos por ser muller en concursos de prazas. "E non é un caso, nin dous, nin tres... Iso seguramente tamén ocorreu no CSIC, pero eu, repito, non o vivín".

Hoxe esas barreiras no mundo laboral parecen moito máis diluídas, aínda que perduran outras. No Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas, en Santiago, onde desenvolveu a súa carreira desde 1965 e onde nos recibe, as mulleres foron sempre unha boa porcentaxe. Pero as compañeiras que forman a súa propia familia, apunta Carballas, acostuman seguir facendo "moitos máis esforzos" na súa vida que os compañeiros casados.

En pleno século XXI as responsabilidades familiares seguen recaendo maioritariamente nas mulleres e os fogares das científicas non son a excepción. Non só o día a día é máis complicado se hai que asumir o peso do coidado dos fillos, senón que as estanzas no estranxeiro de varios meses, unha parte indispensable nun curriculum científico, poden resultar moito máis complicadas e mesmo levar a renunciar ao avance profesional, lembra a profesora.

A "autocensura" da muller á hora de aspirar a asumir cargos de responsabilidade é outra das consecuencias, aínda que tamén pesa o feito de que as actividades de xestión restan tempo ao labor estritamente científico e non gozan de recoñecemento. "Eu fun directora deste instituto dez anos, pero cun esforzo adicional. Durante ese tempo, se tiña que estar doce horas ao día, as estaba".



María Wonenburger

-Inmaculada Paz Andrade é a primeira muller en recibir o **Premio Maria Wonenburger** creado pola **Unidade de Muller e Ciencia** da Xunta, que quere recoñecer as traxectorias relevantes en ciencia e tecnoloxía de mulleres galegas. Infórmate sobre as galegas do século XX máis destacadas nestes eidos, analizando as súas achegas profesionais e as súas vidas de superación fronte aos prexuízos sexistas. Indaga os motivos polos que o premio recibido por "Ada" leva o nome

da galega da fotografía. Infórmate tamén sobre a científica que da nome ao **Programa Ángeles Alvariño** de axudas á especialización de doutores recentes en organismos públicos e privados de investigación de Galiza.

- Analiza que tipo de "barreiras diluídas" atopan as mulleres que se dedican á ciencia, como comenta Tarsy Carballas.



Ángeles Alvariño

Actividade 5

Amada García, Juana Capedeville, Maria Vázquez, Mercedes Romero... mulleres fusiladas en distintas vilas galegas no 1936.

- Investiga de que foron acusadas e infórmate sobre as circunstancias das súas mortes, se teñen algún tipo de recoñecemento público nas súas vilas natais ou naquelas nas que viviron e foron asasinadas. Reflexiona sobre o seguinte artigo publicado na La Voz de Galicia sobre a figura de Amada García e escribe unha carta para enviar á prensa demandando a visibilización destas mulleres, argumentando porque non debemos esquecer como viviron e como morreron.

El hijo de Amada García, fusilada con siete vecinos dos días después de nacer él, pide un reconocimiento a las víctimas.

Publicado en La Voz de Galicia 28/1/08

Para hablar del mal absoluto no es necesario trasladarse a la Alemania nazi. Está mucho más cerca, en los agujeros que las balas dejaron en uno de los rincones más fríos del castillo de San Felipe. Allí se perpetró hace 71 años un drama execrable, el fusilamiento de Amada García y de otros siete vecinos de la comarca: Juan José Teijeiro Leira, José María Montero Martínez, Ángel Rodas Gelpi, Antonio Eitor Caniña, Ramón Rodríguez López, Jaime González Pérez y Germán López García. Es difícil no horrorizarse ante la ejecución a sangre fría de una mujer de 27 fue condenada por comunista tras un proceso penal «lleno de irregularidades», según el historiador Enrique Barrera.

Hasta los soldados del pelotón advirtieron la bestialidad de semejante cosa. En la primera tanda, afirma Barrera basándose en el testimonio de presos que vieron los hechos, evitaron tirar contra ella y, cuando solo Amada seguía en pie, tiraron otra vez tratando no herirla de muerte. No sirvió de nada.

El escándalo de ocultarlo

El segundo hijo de Amada, Gabriel, visita ese muro de San Felipe cada año en compañía de su familia. Ayer volvió, acompañado de representantes de Fuco Buxán, Asociación Memoria Histórica Democrática, la teniente de alcalde, Yolanda Díaz; amigos y parientes. Recordó lo suce-

dido en ese lugar hace 71 años con enorme entereza, y reconoció que le «escandaliza» que esa parte de la fortaleza ilustrada, que paradójicamente fue testigo de semejante barbaridad, «esté siempre cerrada con candado».

Recordó también la tortuosa trayectoria de su familia. Como su hermana se recluyó en uno de los monasterios más duros de Galicia, el de Eirís, tan tradicionalista que «las monjas rechazaron la excarcelación, porque eso era como una cárcel, cuando el papa la otorgó». Recordó el exilio en Argentina de María José Leira, amiga de su madre, que se marchó de Galicia tras serle conmutada la pena de muerte por bordar una bandera comunista y perder a su marido, que era maestro, fusilado.

Los años de represión pesan. La familia de Amada no quiso que se hiciese una película sobre su historia. Pero nada puede estar enterado para siempre, y su nieta, la hija de Gabriel, «sí quiere que se haga», explicó su padre, que rechaza que «un gobernante que se dice de izquierdas, como Xaime Bello, accediese a ponerle una plaza a Camilo José Cela, que colaboró con el régimen, y no a Amada García».

Gabriel cerró su discurso con una promesa: instalar, «aunque sea a escondidas», una placa en la que se recuerde lo que sucedió allí y a las personas que perdieron la vida «por la libertad y la democracia». Y es que, en el recuerdo, «tenemos derecho a estar todos o que nos quiten a todos y olvidar lo que pasó».


Actividade 6

Maria Quiroga, Rosa Alonso, Dolores Molde, Lola Vieitez bótanse ao monte durante a guerra...Outras guerrilleiras como Maria Arauxo ou Enriqueta Otero tamén participan na resistencia galega contra o alzamento que acabaría coa Segunda República.

- Pescuda os labores que desenvolvían estas mulleres na fronte e na retagarda, como enlaces e como milicianas...

- Reflexiona sobre todos os avances que supuxo a Segunda República para as mulleres e fai unha listaxe dos dereitos que se lles negou posteriormente, durante o franquismo..

- Consulta o libro " A memoria esquecida: Peladas,presas, paseadas" editado por Andaina e o Servizo Galego de Igualdade, do que tiramos os seguintes textos que vos axudarán a responder as cuestións anteriores, e no que atoparedes numerosas testemuñas sobre a represión exercida sobre as mulleres durante a guerra e a post-guerra.



"Faltan estudos para saber o número de mulleres que morreron vítimas da represión franquista. Se é difícil establecer cantas foron asasinadas despois dun xuízo sumarísimo, moito mais é coñecer cales morreron nas mans de sublevados sen escrúpulos, falanxistas, gardas civís ou militares."

(.....)


"O corte de pelo está inscrito nas experiencias femininas colectivas das españolas, forma parte da paisaxe da posguerra que en zonas como Galiza empezou xa en 1936. Non existe unha figura de muller rapada, foron vítimas mulleres de idade, clase social e adscripción ideolóxica moi heteroxénea. Este método represivo foi moi utilizado na retagarda, lugar de visibilidade das mulleres e marco específico de certos usos violentos. Para destruír a condición feminina da mulleres republicana, para provocar a humillación, a dimensión visual do acto é un aspecto esencial; trátase dunha violencia visible e que ten que ser vista e non podemos esquecer tampouco o simbolismo contido na cabeleira."

(.....)

"Despois da guerra civil, durante todo o réxime franquista as españolas víronse sometidas a unha forte represión respecto dos avances que para elas supuxera a Segunda República e non só isto, senón que tiveron que camiñar cara atrás, foron tratadas como menores de idade e aínda convencidas das bondades da España Nueva, perderon a independencia económica, legal e sexual.

A marxinación das mulleres foi regulada por lei, tiñan necesidade de autorización do marido para asinar contratos de traballo, herdar, administrar o propio soldo, prestar testemuño nos xuízos e exercer actividades comerciais."

Actividade 7



A INDEPENDENCIA

A independencia é sen dúbida unha das características imprescindibles das persoas e dos pobos para que ambos podan ser tales. Pero non se nace con ela nin nos é dada. Desde o punto de vista persoal, cómpre adquirila nun longo e difícil camiño que vai desde a primeira e dura separación da nai ata a final autonomía total do individuo. E aquí non se chega se non é a través dunha ardua aprendizaxe baseada na adquisición dunha serie de técnicas e coñecementos no exercicio do pensamento crítico. Desta maneira sería posible alcanzar a desexada autoxestión material e a independencia

intelectual e afectiva. Con estes requisitos básicos formaríanse persoas libres, as únicas que poderían establecer relacións, así mesmo, libres, cos demais, isto é, vínculos asentados na mutua e libérrima vontade e non predeterminados polas carencias respectivas, que conducirían inmediatamente á eiva da escrava dependencia. A independencia das nacións derivaría de xeito natural destas unións libres,

que no estado actual son tan só illas constantemente ameazadas polas loitas de poderes desiguais que impiden a propagación expansiva de liberdade e a independencia. Porque o contexto social non facilita, desde logo, este proceso liberador dos individuos e as comunidades.

No caso particular das mulleres, a educación, tanto explícita como implícita – sobre todo esta segunda- lévanos, de maneira case irremediable se non lle opomos resistencia, á dependencia, en termos xerais, e, en particular, á dependencia dos homes: unha dependencia que pode ser física, económica, psíquica e intelectual. Como consecuencia, o sector social feminino fica atrapado nas estruturas do poder masculino, que se estende, entre moitos outros e en intrincadas e complexas redes, polos terreos da vida cotiá e do discorrer histórico, das relacións afectivas e laborais ou do mundo cultural e político. E non é doado saír deste armazón, porque ás veces se presenta coa dureza férrea das cadeas, pero outras faino coa donda sutileza invisible da tea de araña. Así de doce e férreo é o poder patriarcal do Pai, Patrón, Paieterno, que diría a resistente florentina Joyce Lussu.

Debemos, pois, reflexionar sobre a nosa independencia, xa que resulta moi penoso ver como algunhas mulleres son, máis que a súa voz, a voz do seu amo e, en vez de actuar de acordo aos seus propios criterios dos que carecen, fano só obedecendo aos dos seus donos. Escravas unhas e escravos outros da súa mutua dependencia.

25, xaneiro, 1990

Do libro “Mulleres e independencia”, de Carmen Blanco

- Cal cres que son os “requisitos básicos” aos que se refire a autora para que unha persoa poda ser considerada libre? Cal cres que son as dificultades maiores que atopa calquera persoa cara esta liberdade? Cres que as mulleres atopan máis dificultades que os homes no camiño cara esa independencia? Por que?

- Pon exemplos do que consideras educación “implícita” que nos leva “de maneira case irremediable se non lle opomos resistencia, á dependencia”.

- A reflexión sobre as dificultades das mulleres para seren independentes é recorrente no pensamento feminista. Entra na páxina web www.ciudaddemujeres.com e busca no seu citario reflexións de diversas mulleres sobre este aspecto. Coméntaas coas compañeiras e os compañeiros teus e reflexiona sobre aspectos que todas elas teñen en común.

- Compara ideas semellante entre o texto de Carmen Blanco e o seguinte poema da tamén escritora galega Ana Romaní:

As nenas
están saltando á comba entre cereixas
podería ser verán
un arco tensarse por dentro

e abismarse o ceo entre as mans
de repente

O nome
o enderezo
aprender non

A independencia
foi un arduo querer-se lentamente

Actividade 8



A Marcha Mundial das Mulleres é un movemento mundial de accións feministas que reúne grupos de mulleres e organizacións que actúan para eliminar as causas que orixinan a pobreza e a violencia contra as mulleres. Loitan contra todas as formas de desigualdade e de discriminación sufridas polas mulleres, buscando un cambio político, económico e social. Os mesmos que se articulan ao redor da mundialización das solidariedades, a igualdade entre mulleres, entre mulleres e homes, e entre os pobos, o respecto e a valoración de liderado das mulleres e o fortalecemento das alianzas entre mulleres e cos outros movementos sociais...

Le e escoita o Himno galego da Marcha Mundial das Mulleres, composto por Carmen Blanco, musicado por Milladoiro e cantado por Pilocho, e comenta as actividades propostas a continuación.

MARCHANDO MÁIS ALÁ

Mulleres libres polo mundo mulleres libres partimos
Morganas nadadas no mar das illas dos mares libres vimos nós
Alicias Galicia libres con luces nos ollos libres imos
Cos corazóns collidos nas mans collidas das mans nós camiñamos
Pasos libres acompañados co paso das parias trazamos
Pasamos nós polas cidades libres cidadás libres con vós

Mulleres libres polo mundo mulleres libres marchamos
Morganas nadadas no mar das illas dos mares libres somos nós
Vivas ventres vivos contra a violencia libres bailamos
Libres corpos libres polas carballeiras cantamos libres con vós
Labios libres con liberdade a auga nas fontes bebemos
Cruzamos nós territorios libres criaturas libres sen dor

Mulleres libres polo mundo mulleres libres andamos
Morganas nadadas no mar das illas mareadas libres levamos nós
Sabias sentidas contra os poderes libres pensamos
Libres mentes libres razóns e alegría con elas nós actuamos
Pan e rosas para compartir partimos os soños cumprimos

Amamos nós polos espazos libres humanas libres fragor

Mulleres libres polo mundo mulleres libres chegamos
Morganas nadas no mar das illas aos mares libres imos nós
Xustas valentes contra a escravitude libres loitamos
Libres seres libres con independencia vivimos libres con vós
Luz e lume propagadoras de paz o progreso traemos
Avanzamos nós polos lugares libres persoas libres clamor

- Neste himno faise referencia á fada Morgana, unha das meigas máis famosas e poderosas da literatura occidental. Busca diferentes versións sobre esta muller e compara as que salientan os aspectos positivos da súa personalidade e a reflicten como un modelo de muller “a imitar”, e as que a describen como unha muller maligna e perigosa. Valora o temor co que se percibe ás mulleres sabias e fortes nestas versións negativas dela.

- Busca información sobre o movemento “Pan e rosas” e fai reivindicacións semellantes nas que demandas condicións mínimas de subsistencia e aquelas outras cousas que fan a vida fermosa.

Actividade 9



Monumento aos

Mártires de Sobredo

Dende a Idade Media, o campesiñado galego traballaba as terras de outros mediante uns contratos de moi longa duración que tiñan que pagar coa propia produción. Eran os foros. Se ben durante moito tempo este tipo de contrato deu certa independencia ao campesiñado, os novos tempos fixeron que estiveran máis atados que nunca.

Desde comezos de século XX, o movemento agrarista galego ten un obxectivo principal a eliminación desta áncora que xa impedía a modernización do agro e a liberación das influencias caciquís por parte do campesiñado. No ano 1922, ten lugar en Tui un

congreso de sociedades agrarias no que se decidiu non pagar os foros. Pouco tempo despois é detida toda a directiva da sociedade de Ribadelouro, polo que comeza unha folga xeral en todo o sur de Galicia.

27 de novembro

Neste ambiente de tensión se chega ao 27 de novembro de 1922, no que o xuíz e a Garda Civil preséntanse en Sobredo para lle embargar os bens a un dos veciños que non paga os foros. Unhas dúas mil persoas acoden en solidariedade co embargado e a Garda Civil dissolve a manifestación a tiros. Cándida Rodríguez, Joaquín Estévez e Venancio González morren e outras sete persoas resultaron feridas.

Os feitos tiveron moita sona e chegaron ao parlamento, abrindo o debate do conflito agrario e a redención dos foros. A definitiva lei que lles permitiu ás persoas labregas seren donas das súas terras, mediante

pago dunha indemnización, chegou no ano 1926.

- Coa morte de Cándida Rodríguez nestes sucesos queda reflectida a participación das mulleres nas revoltas sociais da época, normalmente silenciada nos libros de historia. A súa participación nos acontecementos históricos está a ser recuperada polo feminismo, que denuncia o ocultamento sistemático que se fai desde a "Historia" oficial da vida das mulleres, das súas achegas ou da participación nos principais acontecementos do seu tempo. Máxime se estes servían de resposta ás duras condicións de vida do campesiñado, nas que a peor parte a levaban as mulleres. Busca información sobre as condicións de vida das mulleres galegas no libro reseñado na seguinte entrevista, e comenta o poema de María Reimóndez incluído a continuación.

"O concepto de matriarcado en Galiza non foi tal; é un mito"

A súa obra *Historia da vida cotiá en Galicia* (séculos XIX e XX), que será publicada no outono baixo o título de *Servir era o pan do demo*, foi merecedora deste galardón. Vieiros falou con

el.

Fernando Arrizado - 15:15 12/08/2007

Tags: Ferro Couselo Xavier Castro



Xavier Castro

O catedrático de Historia Contemporánea da USC, Xavier Castro Pérez, acaba de gañar o XII Premio de Investigación Xesús Ferro Couselo (convocado polo [Concello de Valga](#)), que -tal e como adianta para Vieiros- a editorial [Nigra Trea](#) publicará no outono baixo o título de *Servir era o pan do demo. Historia da vida cotiá na Galiza Contemporánea*.

Trátase dunha achega á historia da vida cotiá na nosa terra na Idade Contemporánea, tema inédito até o de agora (existen outros estudos, mais sobre a época Moderna) e cun evidente leit motiv: a diferenza de vida entre ricos e pobres, entre amos e criados.

De aí o título elixido para a nova publicación. Xavier Castro, que para confeccionar o estudo empregou fontes bibliográficas inéditas, prensa, textos legais, etc. así como as informacións orais recollidas mediante entrevistas realizadas, confesa que con esta frase, "Servir era o pan do demo", resumía unha muller as súas vivencias de épocas pasadas.

Vieiros: O progreso trae consigo cousas positivas, mais tamén outras negativas, e viceversa, non si?

Xavier Castro: É certo; en Galiza sobre todo houbo unha moi importante mellora na alimentación, a nutrición é moito mellor agora; agora hai un maior igualitarismo, viáxase máis ... Claro está que ao contrario do individualismo co que se vive agora nas cidades, antes a vida era máis leda, máis proximidade, un maior comunitarismo, aínda que cos cambios as que máis gañaron foron as mulleres.

E logo?

Hai un concepto moi estendido, que é o do matriarcado, que Galiza era unha sociedade matriarcal; isto é un mito. En Galiza os postos clave, incluso durante a emigración, tal como as xuntas parroquiais ou os administrativos estaban ocupados por homes. No reparto de alimentos, as mulleres sempre levaban a peor parte, eran as últimas en comer e mesmo comían de pé.

Mais, a falta de homes, eran as mulleres as que tiñan que facer todos os traballos, tamén os máis duros...

Iso si, as mulleres traballaban a reo. Como dicía o pintor Carlos Ma-side, as mulleres labregas tiñan mans de home. Ou como recolleu Emilia Pardo Bazán, nas mulleres galegas a beleza murchaba moi cedo.

Nesta época, houbo algún suceso de inflexión salientábel, ou foi un continuum deica os anos sesenta (data na que finaliza a investigación)?

Houbo. Por exemplo no que respecta aos temas relacionados coa hixiene coa aparición da penicilina. A gripe produciu moitos estragos na poboación, e estamos a falar aínda de mediados do século XX. Tamén, cómpre salientar que en 1927 reviven os foros. Galiza estivo moi marcada polo moito que durou aquí o Antigo Réxime. Había casas nas que servían até tres criados.

Noutro dos temas tratados no estudo, a indumentaria, obsérvanse cambios a partires de 1920, coa decadencia do traxe tradicional galego, cando case todas as prendas estaban feitas con liño. Daquelas introduciuse o algodón, cando comezaron a chegar viaxantes con roupa de confección. Até entón, a vestimenta salientaba por ser prendas mal cosidas, con engurras, en moiras ocasións suxas e afumadas polas lareiras, que se ían herdando dos pais ou dos irmáns.

E as relacións amorosas, o sexo, como eran?

Eran machistas, expeditivas, de acoso e mesmo violentas. Hai que ter en conta tamén que moitas mulleres ficaban solteiras, xa que moitos eran os homes que emigraban a América ou que ían ás 'quintas', as guerras de Cuba, Marrocos... Casaban os fillos que tiñan 'mellora'.

'Mellora'?

Antigamente gardábanse cartos para que un dos fillos puidese casar.

Os non 'mellorados' ou os que non tiñan 'porqués', que era outra forma de dicir que non tiñan cartos, ficaban na solteiría e a vivir na casa dos pais. Tamén o que había moitos matrimonios estratéxicos en función do diñeiro. E logo estaban as 'tías' que ían vivir a casa dun dos irmáns que contraeran matrimonio co compromiso de non casar, porque era inasumíbel pola familia.

Moito amor non había, logo...

Habíao, o que non había moitas veces era posibilidade para materializalo nun matrimonio. Outra cousa moi curiosa que ocorría en Galiza, moi característico con respecto ao resto do Estado, era o elevado número de mulleres solteiras que quedaban preñadas, e que ten unha explicación.

E cal é?

Non o imos desvelar todo, non?. Mellor que os lectores de Vieiros lean o libro para descubri-lo.

[Poema de María Reimundez, do poemario Moda Galega](#)

López Mora: Ar

Ar.

Esa doce palabra galega
a través da cal
os galeguistas e poetas
describiron a sociedade
tradicional galega,
matriarcal,
din eles,
onde as mais
(que non as mulleres)
tiñan un posto social crucial.
Así se debe chamar
en termos galeguistas
a traballar nas leiras,
traballar na casa, parir,
estudiar ós fillos (só eles)
e non ter opcións a nada,
se cadra a unha malleira opcional
ou unhas pernas cabras de lareira
último modelo.

Mágoa que para unha sociedade
tan matriarcal
só saibamos dela
a través dos homes
porque, malia o seu "posto social crucial",
esas mulleres matriarcais
(que estraño!)
só deixaron aparente silencio.

Agora,
con estes vestidiños axustados
de Ar
pregúntome
ata cándoo teremos que seguir
desaprendendo
as falacias do pasado.

Actividade 10


A participación das mulleres en numerosos deportes estivo sancionada socialmente ou directamente prohibida en maior ou menor grao ao longo da historia. Aínda hoxe en día, na que en todos os ámbitos deportivos hai mulleres deportistas de elite, a sección de deportes de todos os periódicos e telexornais dedican moi pouco espazo a visibilizar a práctica deportiva feminina. Busca fotos en internet de mulleres deportistas e realiza un mural para colgar nos corredores ou nas aulas e tentar paliar así esta discriminación que sofren as mulleres deportistas e que ten repercusións tamén sobre a imaxe de todas as demais mulleres.

- Busca mulleres que practiquen triatlón, atletismo, natación, tiro con arco, baloncesto, tenis, hockey, piragüismo, vela, taekwondo, judo, balonmán, ciclismo, tiro olímpico, remo..

- Pescuda que deportes realizan as compañeiras do teu instituto, e realiza entrevistas a aquelas compañeiras que compiten en diversas categorías xuvenís.

- O 21 de Xuño de 2006, o pleno do Senado aprobou unha moción que instaba a potenciar a retransmisión de eventos deportivos femininos para dar unha cobertura equilibrada do deporte feminino e masculino. Como poderás observar, as cousas non melloraron moito neste sentido..Escribe e envía unha carta aos periódicos demandando a posta en práctica de medidas a este respecto.

- Busca información sobre os logros deportivos de galegas como Chus Lago e Teresa Portela



Chus Lago



Teresa Portela